



Compañeiros e compañeiras

Amigos e amigas do BNG

Delegacións convidadas

Bon día da Patria Galega!

Teño a honra de me dirixir hoxe aquí, en nome do BNG, a todos e todas vós, neste día no que reivindicamos a nosa condición de nación, a nosa condición de galegos e galegas libres, con orgullo de selo.

Fronte aos que se avergoñan de ser de onde son, fronte aos que queren reducir a Galiza á condición de "Noroeste español", aquí estamos os que non renunciamos, nin renunciaremos xamais, á Patria Galega!

Patria Galega, si, porque, que queiran que non, Galiza é unha nación!

A Patria de Castelao e de Bóveda, a patria de miles de galegos e galegas, que antes e agora fixeron e fan posíbel que Galiza continúe a existir.

Compañeiros e compañeiras

Sei que ás veces podemos sentir certo desalento. O 1 de Marzo, os galegos e as galegas decidiron devolver o goberno ao PP, poñendo fin, así, á primeira

experiencia do nacionalismo no goberno do País.

Respectamos esa decisión. Mais afirmamos que o balance desa experiencia foi globalmente positivo.

Con acertos e erros, pero positivo.

Ao servizo da nación e das maiorías sociais.

Tomáronse decisións de calado que o tempo valorará na súa xusta medida. Decisións que hoxe xa vemos como o PP ataca e elimina.

Sáímos do Goberno perdendo ademais apoio electoral. Puidemos caer na tentación de ficar lamentándonos, pero eliximos reaccionar.

O pasado 4 de Xullo, pechamos o proceso asemblear coa constitución do Consello Nacional. Temos Dirección e temos liña política definida.

Sentamos as bases para poñernos a traballar por este País e así o facemos.

Co marcador a cero. **Aprendendo do pasado, mais non ficando presos del, evitando así o risco de converternos en estatuas de sal.**

Decidimos colectiva e democraticamente situarnos no presente e esforzarnos en gañar o futuro.

Adicaremos, pois, todo o noso esforzo a traballar polos intereses da maioría social. A gañar a confianza de miles de persoas que cren que o nacionalismo é a solución para conseguir unha Galiza máis libre e, xa que logo, máis próspera.

Esa é a nosa responsabilidade colectiva.

Actuar unidos e estar socialmente activos.

Con iniciativa política

Insubornábeis no servizo a Galiza

Coa convicción absoluta de que somos a alternativa ao PP.

Convencidos de que volveremos a gobernar Galiza.

Porque, amigos e amigas, non o dubidedes, se fomos quen de sobrevivir e vencer ao PP de Fraga, sobreviviremos e venceremos ao PP de Núñez Feijóo!

Compañeiros e compañeiras

A conseguir ese obxectivo debemos adicar todo o noso esforzo

Cada un de nós debemos aportar o noso modesto grao de area. Colectivamente. Sumando enerxías.

Hoxe, máis que nunca, é necesario o nacionalismo.

Hoxe, máis que nunca, é necesario sumar esforzo, entusiasmo, e compromiso, co BNG e con Galiza.

Esfuerzo, entusiasmo e compromiso dos que estades afiliados e afiliadas

E esforzo, entusiasmo e compromiso dos que aínda non sodes militantes do BNG. A vós especialmente me dirixo para convidarvos a que vos sumedes a nós, a que vos afiliades ao Bloque Nacionalista Galego!

Cabemos todos e todas neste PROXECTO COMÚN.

Todos e todas somos NECESARIOS E NECESARIAS. Aínda que, iso si, vós sodes os únicos imprescindíbeis.

Amigos e amigas

Esforzo, entusiasmo, compromiso, co noso País, que hoxe pasa por unha situación difícil.

Cunha crise económica que está a levar a miles de persoas ao paro.

Con traballos precarios e salarios baixos.

Con sectores estratéxicos, como o leiteiro, á beira da desaparición.

Coa emigración, outra vez, como única saída para miles de xóvenes.

Problemas económicos e **tamén agresións despiadadas á nosa identidade nacional**. A nosa lingua, ao noso status de nación.

O noso idioma está a sofrer un ataque sen precedentes orquestrado desde a propia Xunta de Galiza.

Unha liña estratéxica do PP e o sr. Feijóo, ao servizo de minorías extremistas. Ao servizo do PP de Aznar e Rajoy (ese señor que, non por casualidade, negouse e négase a falar galego). Ao servizo da INTOLERANTE CAVERNA ESPAÑOLISTA, que aspira a conseguir a España UNHA e, xa que logo, unilingüe.

QUE SE DESENGANEN, NON O CONSEGUIRÁN.

Dicía Castelao, ao que algúns tanto recorren, para traizoar o seu pensamento, cada vez que o fan, que: *"Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma"*.

E dicímoslles nós, hoxe aquí, no Día da Patria: o idioma galego, o idioma de Rosalía, de Carvalho Calero, o idioma dos nosos pais e avós, será o idioma dos nosos fillos e fillas! Terá mil primaveras máis!

Amigos e amigas

Non terán solución os problemas do noso país da man do PP do Sr. Feijóo. Da man de quen usou e usa o lixo como arma política para chegar ao Goberno e para manterse nel. De quen non acredita no noso País, de quen non cre no autogoberno. Non virá a solución de quen non está disposto a exercer como presidente de Galiza, coa dignidade, coa firmeza, que esperan del os galegos e as galegas que nel confiaron.

Hai que recordarlle ao sr. Feijóo que se está ao fronte do Goberno galego é para defender os intereses de Galiza e non para facer carreira política persoal, sendo grato, pregándose ao que lle ordenen dende Madrid.

Hai que recordarlle ao Sr. Feijóo que foi elixido para algo moi distinto que para atacar a identidade do noso País, ou para transformar o Goberno galego nun esperpéntico concesionario de coches de segunda man.

Estou certo de que os galegos e as galegas lle deron a confianza para algo máis que para facer enquisiñas sobre o galego, das que nin capaces son de informar dos resultados.

Para algo moi distinto que quitar o termo Nacional da Biblioteca do Gaiás ou adicar os seus esforzos a botar abaixo un concurso eólico e así favorecer os seus amigos.

Estou certo que non o elixiron para privatizar a sanidade ou deixar apodrecer, sen mediar, como é a súa obriga, o conflito do metal. Non o elixiron para abandonar á súa sorte as traballadoras de Caramelo ou para non reaxir ante o peche de Pascual.

Seguro que o elixiron para aportar solucións ás consecuencias da crise económica, solucións que non aparecen por ningures.

Seguro que o elixiron para apoiar o sector leiteiro e non deixalo na estacada.

Seguro que o elixiron para dar a talla ao fronte deste País e defender con uñas e dentes os seus intereses.

Dar a talla que en escasos 100 días é evidente que non dá.

Porque compañeiros e compañeiras

Non dá a talla quen, aceptando sen contraproposta algunha un novo retraso na modernización do noso ferrocarril, o celebra como un feito histórico.

Quen asina un novo PACTO-FRAUDE para narcotizar durante un tempo á sociedade galega, a sabendas de que non se cumprirá porque é tan pouco críbel como os anteriores.

Non se dá a talla dando por boa unha vella película, onde só cambian os actores.

Basta ver cal é o acordo que acaba de facer o señor Blanco co señor Camps para decatarse de que estamos ante unha nova burla ao pobo galego. E as burlas ao noso pobo non poden ser celebradas polo presidente da Xunta.

Non se dá a talla tampouco aceptando sen resistencia algunha un financiamento inxusto para o noso País e sen garantía de futuro.

Nin se defenden os intereses de Galiza, aceptando mansamente as ordes do seu Partido en Madrid.

Sr. Presidente: non se defende este País facendo frontes do Noroeste nin galernas do Cantábrico.

Deféndese como presidente da nación que somos.

Actuando con dignidade.

Dicíndolle a verdade ao pobo galego. A verdade, en lugar de seguir alimentando o mito da Galiza pobre, que vive da solidariedade do Estado.

E a verdade é que os galegos e as galegas pagamos máis do que recibimos. Basta ver, adecuadamente, os datos da última liquidación fiscal dispoñíbel.

Nada diferente ao que leva acontecendo durante anos.

Relendo estes días o libro do noso compañeiro Xosé Manuel Beiras, *Por unha Galiza liberada*, atopei nun seu ensaio sobre Alexandre Bóveda, uns datos esclarecedores.

Bóveda, no ano 1935, reproducindo cálculos que xa fixera Brañas en 1892 denunciaba que o déficit fiscal do noso País era de 18,1 millóns de pesetas da época!

Escribía Xosé Manuel Beiras: "*Bóveda era consciente de que o soporte da soberanía política reside na soberanía económica*"

Hoxe é exactamente igual que nos tempos de Bóveda. E como Bóveda, iso é o que demanda hoxe o BNG!

Compañeiros e compañeiras

Seguimos a demandar un Estatuto de Nación. Un Estatuto de Primeira.

O PP impediu a pasada lexislatura que fose posíbel. Agora parece querer sumarse a esa posición do PP o PSOE.

Andan argallando unha reforma que consolide o noso País na Segunda División.

Queren, seica, que os apoiemos.

Pois que saiban que para ese fin non van contar co BNG!

O PSOE é libre de pactar co PP o que queira.

Nós, por suposto, somos libres para non ceder un milímetro na defensa dos lexítimos intereses de Galiza e así o faremos.

Será o PSOE quen teña que explicarse diante da sociedade galega.

Como teñen que explicar **por que se suman ao PP.**

-Para consolidar un financiamento inxusto para Galiza.

-Para avalar un novo retraso na nosa modernización ferroviaria.

-Para permitir a perda de control polo Goberno galego das Caixas de Aforro.

O mesmo que teñen que explicar por que se sumaron ao PP apoiando unha vergoñenta moción de censura en Gondomar para expulsar da Alcaldía a Antonio Araúxo, para expulsar o BNG!

Amigos e amigas

Non virán tampouco as solucións aos nosos problemas da man de aqueles que defenderon e defenden o actual modelo económico, co neoliberalismo a ultranza como fórmula.

O actual modelo económico é desigual e xerárquico.

A chamada globalización, que non é máis que o imperialismo destes tempos, non trae nin converxencia nin igualdade.

Agora ese modelo provoca unha profunda crise. O nacionalismo galego debe liderar a loita por un modelo distinto, no económico e no político. Un modelo alternativo ao do neoliberalismo, baseado na economía produtiva, na xustiza social e no dereito de todos os pobos a viviren con dignidade na súa terra.

Amigos e amigas

É imposible defender un modelo que está exclusivamente ao servizo dos poderosos. Rexido por regras trucadas. Que concentra o beneficio en mans duns poucos, namentres estende a pobreza polo planeta.

Ese modelo de casino, onde sempre gañan os mesmos, onde uns poucos se fan coas ganancias, namentres as perdas páganse entre todos.

É imposible aceptarmos que os causantes da crise económica continúen a vivir esplendidamente, namentres as consecuencias as pagan os traballadores e as

traballadoras.

Non é de recibo que as pequenas e medianas empresas ou os autónomos se vexan afogados pola falla de creto, namentres o Estado inxecta miles de millóns de euros á Banca, que por certo nunca nos devolverán.

Non é posíbel aceptar un modelo que impide un intercambio máis xusto e igual a nivel mundial.

Non aceptamos un mundo onde se impón a guerra como medio para defender os intereses do Imperio e dos seus satélites.

Dende Iraque até Afganistán.

Afganistán, tamén, de onde se deben retirar xa as tropas españolas, por moito que ao Sr. Zapatero lle sirvan para facerse querer polo Sr. Obama.

Compañeiros e compañeiras

Outro modelo económico, outro modelo político, onde se respecte o libre dereito dos pobos a decidiren o seu destino. Porque os pobos teñen dereito a decidilo, a escoller o seu camiño.

Temos dereito os pobos do Estado español e de Europa.

Como ten dereito o pobo palestino a vivir sen a salvaxe opresión do sionismo.
Como ten dereito o pobo sahariano, abandonado a cambio de mesquiños intereses.

Como teñen dereito a escoller o seu propio camiño Venezuela, Cuba ou Bolivia.

Amigos e amigas

Fronte á claudicación e ao conformismo, absolutamente demoledor para os intereses de Galiza, **aquí está o BNG!** Que nin claudica nin se conforma!

Aquí estamos dispostos a conquistarmos os nosos dereitos:

Dereito a vivir en galego

Dereito a vivir e traballar na terra!

Dereito de Galiza a ser!

Dispostos a conquistalos porque compañeiros e compañeiras **os dereitos non se regalan, conquístanse!**

Amigos e amigas

Temos por diante unha tarefa ilusionante

Abordémola con entusiasmo

Camiñemos polo idioma!

Polo emprego!

Pola dignidade nacional!

Como deixou escrito Manuel María, o noso grande poeta nacional:

Berrade

Erguédevos

Loitade

*Deica que, todos xuntos, academos
a liberación nacional da Nosa Patria!*

Non dubido que así o faremos!

Non dubido que o conseguiremos.

Viva o BNG!

Viva a Patria Galega!

Portavoz Nacional.

Día da Patria Galega 09

